

SPOOKY TALE

Contest

BASES DO CERTAME

O DEPARTAMENTO DE INGLÉS DA EOI DE SANTIAGO CONVOCA O CONCURSO DE #SPOOKYTALES PARA CELEBRAR HALLOWEEN.

QUEN PODE PARTICIPAR?

CALQUERA PERSOA FÍSICA MATRICULADA NA ESCOLA, TANTO NA CENTRAL COMO EN CALQUERA DAS SECCIÓNS.

TEMÁTICA


RELATOS DE MÁXIMO 100 PALABRAS DE TEMÁTICA DE TERROR. PODEN INCLUIR ELEMENTOS FANTÁSTICOS (ZOMBIES, VAMPIROS, ETC.), ESCENARIOS REALES OU ASPECTOS MAIS ABSTRACTOS (PSICOLÓXICOS, IMAXINARIOS, ETC.). PARA GARANTIR O DEREITO A PARTICIPACIÓN DE TODO O ALUMNADO QUE O DESEXE, HABERÁ 3 CATEGORÍAS EN BASE AOS NIVEIS DE LINGUA: BÁSICO, INTERMEDIO E AVANZADO.

PARTICIPACIÓN

OS RELATOS ENVIARANSE AO ENDEREZO ISPITA@EOISANTIAGO.ORG CONSONTE AS SEGUINTE INDICACIÓN:

- NO ASUNTO DO CORREO ESCRIBIRASE "CONCURSO: SPOOKY TALES"
- NO TEXTO DO CORREO INCLUIRASE A SEGUINTE INFORMACIÓN:
 - DATOS DO AUTOR/A (NOME, APELIDOS/AS E TELÉFONO).
 - TÍTULO DO RELATO.
 - CATEGORÍA NA QUE SE PRESENTA (BÁSICO, INTERMEDIO E AVANZADO)
 - NOME DO/A PROFESOR/A
 - SECCIÓN (VITE, SAR, RIBEIRA, NOIA, ORDES, NEGREIRA)
- O RELATO ACHEGARASE EN FORMATO .PDF OU .DOC
- O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RELATOS É DO LUNS 16 DE OUTUBRO AO VENRES 3 DE NOVEMBRO.
- CADA PARTICIPANTE PODERÁ ACHEGAR ATA UN MÁXIMO DUN RELATO.
- A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO IMPLICA A ACEPTACIÓN DAS SÚAS BASES.





REQUERIMENTOS

1. OS RELATOS DEBEN TER RELACIÓN DIRECTA COA TEMÁTICA DO CONCURSO.
2. OS RELATOS DEBEN ESTAR ESCRITOS EN LINGUA INGLESA.
3. OS RELATOS DEBEN TER UN MÁXIMO DE 100 PALABRAS.
4. OS RELATOS DEBEN SER OBRA PROPIA DA AUTORA OU AUTOR QUE SE PRESENTA AO CONCURSO.
5. CADA PARTICIPANTE PODE PRESENTAR UN MÁXIMO DUN RELATO.
6. CADA PARTICIPANTE PODE PRESENTARSE NUN MÁXIMO DUNHA CATEGORÍA (BÁSICO, INTERMEDIO OU AVANZADO)
7. PODEN PRESENTARSE RELATOS PUBLICADOS OU INÉDITOS.
8. DESCARTARANSE OS RELATOS QUE INCLÚAN FALSIFICACIÓNS.
9. CADA RELATO DEBE DOCUMENTARSE INDICANDO O TÍTULO, O NIVEL/CATEGORÍA E O NÚMERO DE PALABRAS.
10. OS RELATOS DEBEN REMITIRSE EN FORMATO DIXITAL (.PDF, .DOC) AO EMAIL ISPITA@EOISANTIAGO.ORG
11. A EOI DE SANTIAGO QUEDA EXIMIDA DE CALQUERA RESPONSABILIDADE DERIVADA DO PLAXIO OU DE CALQUERA OUTRA TRANSGRESIÓN DA LEXISLACIÓN VIXENTE RELACIONADA COA PROPIEDAD INTELECTUAL NA QUE POIDAN INCORRER AS PERSOAS PARTICIPANTES.

RESOLUCIÓN

- OS RELATOS SERÁN VALORADOS POR UN EQUIPO FORMADO POR PROFESORADO DO DEPARTAMENTO MEDIANTE VOTACIÓN.
- O PRAZO DE VALORACIÓN DOS RELATOS SERÁ DO 6 AO 21 DE NOVEMBRO.
- OS NOMES DAS PERSOAS GAÑADORAS FARANSE PÚBLICAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB NOS 3 DÍAS SEGUINTE AO REMATE DO PRAZO DE VALORACIÓN.
- O CONCURSO PODERÁ QUEDAR DESERTO SE A CALIDADE DOS RELATOS NON CUMPRE UNS REQUISITOS MÍNIMOS.
- HABERÁ UN PREMIO POR CATEGORÍA, QUE SERÁ ENTREGADO ÁS PERSOAS GAÑADORAS UNHA VEZ RESOLTAS AS VOTACIÓNS.

